3. A licenza concédese sen perxuizo das posibles modificacións que houberan de realizarse para cumprimentar as determinacións que no seu momento establezan as entidades xestoras dos servizos urbanos ou outros organismos e as necesarias para a consecución da primeira ocupación. Estas modificacións comunicaranse ao concello antes da súa execución.
4. A inspección e vixiancia das obras, tanto durante a súa construción como posteriormente, estarán a cargo do Concello de Lourenzá ou dos inspectores das afeccións sectoriais existentes.
5. Esta licenza poderá ser revogada polo incumprimento de calquera condición e nos casos previstos por lei.
6. Adoptaranse as medidas precautorias de rigor, cumpríndose especialmente as disposicións en materia de seguridade e sañude nas obras de construción e as ordenanzas municipais.
7. Os acopios de material, colocación de contedores en vía pública, casetas de obra, instalación e uso de grúa, andamios ou maquinaria auxiliar será precedida de solicitude da autorización correspondente. Na solicitude presentarase a documentación oportuna que represente as características, ubicación, etc das necesidades previstas ao respecto, cumprindo o disposto nas ordenanzas municipais. **A PRESENTE LICENZA NON FACULTA AO SOLICITANTE PARA A COLOCACIÓN DOS ELEMENTOS CITADOS NESTE APARTADO.**

8. Todo desperfecto ocasionado na vía pública como consecuencia das obras será reparado polo peticionario e á súa costa. O recinto da obra estará valado con peche provisional de 2 m. de altura. Se o valado precisa da ocupación da vía pública solicitarase ésta dacordo ao punto anterior. Diariamente garantizarase a


Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 44




Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

limpeza, a orde e a seguridade no entorno afectado. O recinto ocupado permanecerá pechado fora do horario laboral.
**A PRESENTE LICENZA NON FACULTA AO SOLICITANTE PARA A COLOCACIÓN DOS ELEMENTOS CITADOS NESTE APARTADO.**
9. Os entullos e materiais de desfeito procedentes da obra serán evacuados con regularidade a vertedoiro autorizado.
10. Previa a execución de novas acometidas aos servizos urbanos, solicitarase e tramitarase a autorización correspondente ante as entidades xestoras das mesmas.
11. Concluidas as obras comunicarase o final de obra firmado polos técnicos que corresponda, incluíndo:
• Orzamento final desglosado das obras, co obxecto de proceder á liquidación definitiva do ICIO correspondente.
• Planos definitivos das obras e instalacións, con descrición das modificacións realizadas respecto do documento autorizado. **CONDICIÓNS INCLUIDAS NA AUTORIZACIÓN DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO:**
12. Autorizase a demolición das edificacións existentes, sempre e cando se adopten as medidas necesarias para manter a seguridade viaria.
13. Autorízanse as actuacións de rehabilitación de edificación de 7,32 m de fronte á estrada provincial, a distancia superior da liña limite de edificación situada a sete (7) metros do bordo exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixo da vía provincial, medidos en horizontal e perpendicular ao mesmo, segundo definición do artigo 41 da LEG 8/2013, de Estradas de Galicia e Acordo do Pleno desta Deputación de 30.04.2019 (B.O.P. Lugo, n.º 255 de 7.11.2019).
14. As obras deberán estar rematadas no prazo de vinte e catro (24) meses, a partir do día seguinte da notificación da resolución. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar unha prórroga con antelación suficiente á finalización do dito prazo establecido. A autorización considerarase caducada no caso de non executar ou non iniciar a actividade no prazo establecido.
15. A persoa que se atope ao fronte das obras, instalacións ou actividades deberá ter no seu poder esta autorización ou unha fotocopia da mesma, coa obriga de presentala ao persoal encargado da vixilancia da estrada.
16. A autorización outórgase a reserva das demais licenzas e autorizacións

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 44


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non supoñerá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros. As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente por esta administración en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada esta administración, quedando obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados. Esta administración poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou cando resulte incompatible con normas aprobadas con posterioridade.

17. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisible previa notificación do cambio de titularidade a esta Deputación.

18. Se para a execución da obra, instalación ou actividade fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización de acceso. A execución de calquera obra, instalación ou outra actividade, aínda que sexan complementarias da solicitada, non expresamente comprendida na presente autorización, situada a distancia inferior á de afección da vía provincial, deberá ser obxecto dun novo procedemento de autorización ou da súa modificación.

19. Durante o tempo no que se manteñan as obras ou durante as operacións de conservación e reparación das instalacións, deberanse tomar as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación no treito afectado, colocando a sinalización e o balizamento regulamentario segundo a Instrución 8.3-IC sobre Sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fora de poboado, o vixente Regulamento xeral de circulación, o Manual de exemplos de sinalización de obras fixas do Ministerio de Fomento e outras disposicións vixentes, sendo a persoa titular da autorización a responsable dos accidentes a que puidera dar lugar a insuficiente sinalización ou o mal estado de conservación ou colocación desta, debendo retirala tan pronto como se rematen

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 44

as obras, ou as operacións de conservación e reparación das instalacións.
20. A persoa titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización da obra, actividade ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das devanditas actuacións, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.
21. No caso de necesitar realizar cortes e/ou desvíos do tráfico na execución das obras, instalacións ou actividades, o solicitante deberá obter previamente a preceptiva autorización da Xefatura Provincial de Tráfico, segundo o recollido no vixente Regulamento xeral de circulación, que regula a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade e fluidez e a limitación deste.
22. As obras, instalacións ou actividades executaranse segundo a documentación presentada no expediente, no seu caso, e segundo as condicións particulares e xerais impostas na autorización, sen interromper nin dificultar, agás casos excepcionalmente autorizados, a circulación pola estrada e garantindo, en todo caso, a seguridade viaria. 23. Deberá comunicar por escrito a data de inicio das obras, instalacións ou actividades, cunha antelación mínima de sete (7) días co fin de poder levar a cabo un seguimento das mesmas por persoal adscrito ao Servizo de Vías e Obras.
24. As obras, instalacións ou actividades autorizadas executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal adscrito ao Servizo de Vías e Obras, debendo cumprir todas as condicións de garantía e seguridade establecidas polas disposicións vixentes e, ademais destas, a persoa titular da autorización aceptará as particulares que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.
25. Durante a execución das obras será de conta da persoa titular da autorización a boa conservación e limpeza permanente da obra, debendo retirar ó seu remate tódolos materiais sobrantes. Non se autoriza a ocupación do dominio público para o almacenamento de materiais. Os residuos xerados nas obras serán xestionados adecuadamente, sen deixar ningún resto na zona de afección da estrada, nin na zona de dominio público. Prohíbese depositar sobre a vía afectada materiais ou refugallos con motivo destas obras.
26. As autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público outorgaranse por un prazo máximo de dez (10) anos e, poderán concederse, logo da solicitude da persoa interesada, ata dúas (2) prórrogas por períodos de igual duración. Antes de que transcorra o prazo da

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 44

autorización, incluídas as prórrogas, se é o caso, a persoa titular poderá solicitar unha nova autorización. Para estes efectos, considérase que as autorizacións de acceso para a incorporación de vehículos á estrada e as autorizacións das acometidas para a conexión ás redes e infraestruturas de servizos públicos se refiren a actividades realizadas desde fóra do dominio público viario, independentemente dos elementos que se sitúen nel, polo que, en ambos os casos, non estarán sometidas ás limitacións establecidas no parágrafo anterior.

27 . s autorizacións outorgadas para realizar obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada por esta Deputación Provincial, incluídas as tarefas de conservación. Neses casos, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

28. As taxas, de ser de aplicación, devindicaranse obrigatoriamente na súa totalidade antes do inicio de obra, facultade que outorga a esta Deputación o art. 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por autorizacións de obras e outros aproveitamentos situados en zonas contiguas ás estradas provinciais, BOP 258 do 10.11.1995 e o art. 6 da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público provincial BOP 261 do 13.11.1998 e o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Estarase ao establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria no seu art. 62 no referido aos prazos para o seu pagamento, non sendo válidas as autorizacións ata que non se satisfagan as preceptivas taxas.

29. O incumprimento das condicións xerais e particulares descritas nas autorizacións dará lugar ás responsabilidades que se recollen nos Títulos IV e V da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, sobre protección do dominio publico viario e o réxime sancionador.

**CONDICIÓNS INCLUIDAS NA AUTORIZACIÓN DE AUGAS DE GALICIA:**

30. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

31. Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 44

propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

32. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

33. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

34. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

35. O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.

36. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.

37. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

38. As obras consistirán na rehabilitación dunha vivenda unifamiliar e anexos e no peche vexetal permeable, na parcela con referencia catastral 002302100PJ31H, no lugar da Cazolga, na parroquia de Santa María, no concello de Lourenza (Lugo). As obras están recollidas no proxecto “Proxecto básico y de ejecución acondicionamiento de anexo a vienda unifamiliar” da arquitecta Silvia Alonso Gonzalez COAG nº4997 e na documentación adxuntada, en canto non resulten modificadas polo condicionado desta autorización. As obras de rehabilitación da vivenda e anexos atópanse só parcialmente, nunha parte destas

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 44


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

construcións, dentro da zona de policía de leitos. Realízase a rehabilitación da vivenda existente en planta baixa ou de acceso e planta primeira, e do anexo á vivenda que constará tamén de dúas plantas, unha planta baixa e unha planta primeira a modo de altillo. Así mesmo, acondicionarase o porche existente anexo á vivenda e crearase un cuarto de instalacións. A superficie global construída entre as dúas plantas será de 286,40m2. Entre as principais actuacións na rehabilitación conservarase a fachada orixinal de pedra na que se modificarán os ocos e abriranse novas fiestras, substituiranse as carpinterías, executaranse novas soleiras tipo caviti e forxados, realizarase a cuberta en lousa con illamento térmico e o acondicionamento interior da nova vivenda. Na parcela realizarase un peche perimetral permeable de tipo vexetal. Segundo se recolle na documentación achegada a vivenda conectarase á rede xeral de abastecemento e para o saneamento instalarase unha fosa séptica (achega xustificante de ter solicitado a autorización de vertido ante esta entidade). Segundo o informe da gardaría fluvial e de acordo coa documentación achegada polo solicitante, só parte das obras se atopan en zona de policía de leitos públicos, en concreto só unha parte da futura vivenda que se situaría na zona de policía da marxe esquerda do río Masma a uns 95,75 m na súa zona máis próxima e parte do peche vexetal dos ventos sur- leste que tamén se situaría na zona policía do río Masma. Sendo polo tanto só esta parte das actuacións as que corresponde autorizar nesta tramitación.

39. A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos (5 m medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias), quedando en todo caso expedita.

40. O peche deberá manter as súas características diáfanas (permeables), sen que se poidan dispor elementos que obstaculicen o fluxo en episodios de enchentes (zócalos...) ou o discorrer das augas.

41. De xeito xeral, as obras non alterarán o réxime hidrolóxico da zona e as augas discorreran polos lugares polos que o farían de xeito natural.

42. O titular das actuacións será responsable da drenaxe das augas que inflúan de xeito natural ó ámbito de actuación, a disposición das obras realizadas non poderá modificar os puntos de entrada e saída dos fluxos de augas que poidan chegar ao predio procedentes doutros predios superiores, debendo resolverse a circulación das augas dentro do mesmo predio e sen establecer maior gravame do existente a terceiros por esta causa ou efectos prexudiciais no dominio público hidráulico.

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 44

43. As obras axustaranse ás características técnicas e xeométricas descritas na documentación achegada, no que non resulten modificadas polo condicionado desta autorización. Esta autorización non supón a legalización da obra preexistente.
44. As actuacións realizaranse coa menor afección posible do dominio público hidráulico e da súa zona de servidume (os cinco primeiros metros de ancho dende as canles fluviais); en particular, evitando a alteración da vexetación de ribeira autóctona e o vertido de residuos ou contaminantes das augas por enriba dos límites legais. Os residuos resultantes retiraranse do dominio público hidráulico e da súa zona de servidume.
45. Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.
46. Evitaranse as escorrentas e enturbamentos das augas, polo que as actuacións se executarán con condicións climatolóxicas favorables e en época con caudais de estiaxe. En particular as actuacións non deben deixar noiros/superficies nus que os poidan producir. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse sistemas físicos/barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara os leitos.
47. Durante a execución das obras e unha vez rematadas as obras non se depositarán materiais, residuos ou calquera material contaminante no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable), nin en lugares susceptibles de incorporarse a el durante as enchentes ou por episodios de choivas.
48. Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais cara aos leitos, así como o depósito de calquera material contaminante na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable).
49. Os residuos xerados durante a actuación deberán xestionarse de acordo coa lexislación vixente.
50. En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2021-2027; así como os preceptos do Real decreto 817/2015, de 11 de setembro, polo

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 44

que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.

51. No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares, estas colocaranse fóra da zona de servidume de leitos, da zona de fluxo preferente e zonas inundables; e adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos.

52. Recoméndase ao promotor á adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoproteción fronte a avenidas segundo a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a normativa da Comunicade autónoma e outra normativa ou recomendacións/guías aplicables publicadas a nivel ministerial para a adaptación ao risco de inundación, co obxectivo de minimizar no posible os efectos negativos que estas producen.

53. Do mesmo xeito, recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos usuarios da vivenda o recollido no Anexo VIII ("Consellos á poboación ante o risco de inundacións") da Resolución do 4 de outubro de 2016 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL). En todo caso, será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que puideran afectar ás instalacións.

54. Recoméndase evitar época de chuvias para realizar as obras e en todo caso deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos e deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.

55. Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo promotor.

56. No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional ou definitiva de parcelas alleas precisarase acordo cos seus titulares

57. Esta autorización e a ocupación de uso da vivenda queda condicionada a que se conecte á fosa séptica e a obter autorización de vertido desta entidade e ao que nela se determine, ou no seu caso a que se conecte a unha rede municipal de saneamento. En todo caso, lémbraselle se se producisen vertidos á rede hidrolóxica (subterránea ou superficial), susceptibles de provoca-la

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 44



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, viría obrigado a solicita-la preceptiva autorización de vertido ante Augas de Galicia. Débeo ter especialmente en conta no caso do lavadoiro existente na parcela. Do mesmo xeito, se se producise algún aproveitamento de augas de calquera procedencia, distinto do dunha rede municipal de abastecemento, lémbraselle que virá obrigado a tramita-la correspondente concesión ante Augas de Galicia, ou segundo o caso, o recoñecemento do dereito ao uso privativo da auga por disposición legal. Lémbraselle en todo caso que se deben cumprir as prescricións recollidas na normativa do Plan Hidrolóxico, en especial debe ter en conta as distancias e medidas recollidas nos artigos 23 de protección de concesións de auga subterránea.

58. Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase á súa rehabilitación, descontaminando a terra e, se for preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

59. O prazo para a realización das obras é de vintecatro (24) meses contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

60. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno. CONDICIÓNS INCLUIDAS NA AUTORIZACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA

61. O chapado de pedra na zona do zuncho perimetral de formigón dos muros de mampostería resolverase cun espesor mínimo de 15cm. CONDICIÓNS INCLUIDAS NA **AUTORIZACIÓN DA ÁREA DE VERTIDOS DE AUGAS DE GALICIA**

62. PROXECTO TÉCNICO: As obras axustaranse á documentación aportada xunto coa solicitude de autorización de vertido de augas residuais ao dominio público e demais documentación presentada ante Augas de Galicia durante a tramitación do presente expediente.

63. CAUDAL DE VERTIDO:O caudal máximo de vertido de augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Masma) procedentes da vivenda unifamiliar é de 438 m3/ano.

64. PUNTO DE VERTIDO: As coordenadas UTM do punto de vertido das augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Masma) son as seguintes: X=636.917; Y=4.817.692 (datum ETRS89)

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 44

65.  TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS:As augas residuais domésticas procedentes da vivenda unifamiliar son tratadas nunha fosa séptica de decantación-dixestión con filtro biolóxico deseñada para 8-12 habitantes equivalentes, de 4.000 L de capacidade nominal e dimensións 3,15 m de lonxitude, 1,22 m de anchura e 1,47 m de altura total. As augas residuais procedentes da cociña da vivenda son pretratadas nun separador de graxas de 4.000 L de capacidade nominal, 2,05 m de lonxitude, 1,85 m de anchura e 1,62 m de altura antes de ser conducidas á devandita fosa séptica. O efluente final do sistema de depuración é infiltrado no terreo (cunca do río Masma) a través de catro gabias filtrantes de 4,6 m de lonxitude e 0,7 m de anchura cada unha.
66. CALIDADE E CONTROL DO VERTIDO: Os límites dos parámetros do vertido ou as porcentaxes mínimas da súa redución, serán os que se reflicten na seguinte táboa:

| PARAMETROS | LIMITE | PORCENTAXE MINIMA DE REDUCCIÓN |
|---|---|---|
| $DBO_5$ | 200 mg/L | ≥ 20% |
| $DQO_{TOTAL}$ | 300 mg/L | ≥ 30% |
| Sólidos en suspensión | 150 mg/L | ≥ 50% |
| Aceites e graxas | 25 mg/L | - |
| Deterxentes | 3 mg/L | - |

Os límites máximos permitidos para o resto de parámetros serán os especificados na lexislación vixente en cada momento. O titular da presente autorización comprométese en todo momento a garantir estes rendementos de depuración ou límites de vertido.
Tal e como se recolle no artigo 251 bis c) do Regulamento de dominio público hidráulico, en ningún caso o cumprimento dos valores límite de emisión establecidos poderá alcanzarse mediante técnicas de dilución. Augas de Galicia resérvase a facultade de modificar os límites impostos ao vertido e a de esixir ao autorizado a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para a súa adecuación ás esixencias do Plan hidrolóxico da cunca e outras disposicións legais ou regulamentarias, sen que isto dea lugar a indemnización ao autorizado. Se a práctica demostrase que a xestión realizada é insuficiente pola calidade do vertido en relación cos límites fixados nesta autorización e/ou na lexislación

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 44

vixente, así como pola calidade do medio receptor no caso de que se demostre que o vertido obxecto desta autorización é determinante do incumprimento dos obxectivos de calidade do medio receptor; o titular deberá, previa autorización correspondente, executar as obras e instalacións necesarias para axustar o vertido ás características autorizadas. Neste senso, Augas de Galicia poderá esixir ao autorizado a instalación de tratamentos complementarios e calquera outra mellora nas instalacións que resulte axeitada para acadar os límites impostos ou outros que se poidan impoñer, determinando os prazos correspondentes.

67. DISPOSITIVOS DE CONTROL DO VERTIDO: Á saída do sistema de depuración e previo ao vertido por infiltración no terreo das augas residuais domésticas depuradas disporase dun dispositivo para o control do vertido, que deberá reunir as características necesarias para obter mostras representativas do vertido e comprobar o rendemento das instalacións de depuración. O dispositivo deberá ter acceso directo para a súa inspección por parte do persoal de Augas de Galicia. Calquera incidente será comunicado no momento de producirse, por escrito, a Augas de Galicia.

68. INSPECCIÓN DO VERTIDO: Augas de Galicia poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación da calidade do vertido para cotexar que se cumpren as condicións expostas nesta autorización.

69. FINALIZACIÓN DAS OBRAS: As obras correspondentes á construción das instalacións de depuración e de evacuación das augas residuais deberán estar rematadas no prazo de DEZ (10) MESES a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución de autorización de vertido outorgada por esta entidade. A titular deberá comunicar a Augas de Galicia a data de finalización das devanditas obras aos efectos de ser levada a cabo a correspondente comprobación. No caso de que as obras non fosen finalizadas neste prazo, a titular, previa xustificación das causas que o motivaron, poderá solicitar unha prórroga ante esta entidade a tales efectos.

70. VERTIDOS ACCIDENTAIS: No caso de que accidentalmente se produza un vertido en condicións non autorizadas, o interesado deberá acreditar ante Augas de Galicia que adoptou as medidas axeitadas para emendar as causas que o motivaron, sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incorrer.

71. RESPONSABILIDADES DO SOLICITANTE: A autorización non exime ao titular do vertido que se autoriza da posible responsabilidade civil, penal ou administrativa polos danos que poida causar o vertido en cultivos, animais, fauna piscícola,

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 44

persoas ou bens.
72. XESTIÓN DOS RESIDUOS: Os lodos, graxas, residuos sólidos e semisólidos xerados no sistema de depuración serán retirados por un xestor de residuos autorizado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Os devanditos residuos serán sometidos ao tratamento procedente, quedando expresamente prohibido o seu depósito en zonas onde poidan contaminar as augas. No caso de que os lodos procedentes das instalacións de depuración pretendan destinarse, previo tratamento, á aplicación en solos agrarios, deberase cumprir co disposto no Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia.
73. VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN: O prazo de vixencia da presente autorización fíxase en CINCO (5) ANOS contados a partir da data desta, entendéndose prorrogada se non existe resolución previa en contra, que deberá ser comunicada cunha antelación de TRES (3) MESES e sempre que se manteñan as características do vertido e as do medio receptor.
74. PREXUÍZO DE TERCEIROS: A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, coa obriga de conservar ou restituír as servidumes legais existentes.
75. LICENCIAS OU PERMISOS ADICIONAIS: O outorgamento desta autorización non exime ao seu titular da obtención das licencias, permisos e autorizacións legalmente pertinentes.
76. REVOGACIÓN: A autorización poderá ser revogada de acordo co establecido no artigo 263 bis e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico.
77. MODIFICACIÓNS DA RESOLUCIÓN: Calquera modificación realizada nas instalacións que afecte ao punto de vertido, ao caudal máximo de vertido, aos rendementos de depuración, etc., deberá ser comunicada por escrito a Augas de Galicia para a súa valoración aos efectos de proceder, no seu caso, á modificación dos termos da resolución. **NOVENO**. O orzamento de execución material presentado total ao que ascende o custo das obras previstas é de 127.916,46 €.
**DÉCIMO**. Deberán cumprirse os seguintes prazos segundo o establecido no artigo 145 da LSG:

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 44

| | |
|---|---|
| **Prazo de iniciación** | 6 meses |
| **Prazo de execución** | 36 meses |
| **Prórrogas** | Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licencia sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do plazo concedido previamente. |

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das facultades conferidas e por unanimidade ACORDA:

**PRIMEIRO.-**De conformidade con canto se establece polo artigo 150.6 c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, procede aclarar a innecesariedade de licencia de parcelación en relación coa cesión gratuíta dos terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas pola REVISIÓN E ADAPTACIÓN Á LASGA DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO, mediante as segregacións dunhas partes da parcela (40,07 m2 e 52,45 m2, a ambos lados da edificación principal, ascendendo á totalidade de 92,52 m2 que se especifican e determinan gráficamente nos planos U03r2 e TR-01) destinadas a tal fin segundo o informe da arquitecta municipal.

**SEGUNDO.-** Conceder a licencia solitada por Dª SUSANA ALONSO RODRÍGUEZ, con NIF ***9146**, con data 26/02/2024 e núm. 2024-E-RE-84 de rexistro de entrada, para rehabilitación de vivenda unifamiliar en A Cazolga, Núm. 1, parroquia de Santa María (Lourenzá), con referencia catastal 002302100PJ31H0001FA segundo proxecto básico e de execución asinado pora arquitecta Dona SILVIA ALONSO GONZÁLEZ e visado polo COAG con data de 18/07/2023.

**TERCEIRO.-** A licencia concedida, queda sometida ás condicións xerais establecidas na lexislación vixente, ás especiais que se indican no seguinte informe e autorizacións sectoriais: as establecidas no informe da arquitecta municipal, as establecidas na autorización sectorial da Presidencia e a Xunta de Goberno Local Deputación Provincial de Lugo (Servizo de Vías e Obras), as establecidas na Resolución de autorización de vertido de augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terrero (cunca do río Masma) da Directora de Augas de Galicia, as establecidas na Resolución de autorización para as obras de rehabilitación de vivenda e anexos e peche vexetal permeable da Directora de Augas de Galicia e as establecidas na Resolucion da Dirección Xeral

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 44

de Patrimonio cultural, obrantes todas elas no expediente. Así como as seguintes condicións suspensivas:
-Conforme ao previsto no artigo 30.3 do Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre Inscrición no Rexistro da Propiedade de Actos de Natureza Urbanística, **previa presentación no Concello de Lourenzá da oportuna escritura pública de cesión obrigatoria dos terreos situados fóra das aliñacións**, conforme consta na documentación técnica presentada polo promotor.
**CUARTO.-** Esta licencia enténdese concedida de conformidade co establecido na Lei do Solo de Galicia e normativa concordante, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e sen que se poida invocar para excluír o diminuíla responsabilidade civil ou penal que incorrera a beneficiaria no exercizo das súas actividades.
**QUINTO.-** O prazo de execución: **Inicio: 6 meses/Finalización: 36 meses.**
**SEXTO.-** Aprobar a liquidación do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras, segundo o cal deberá abonar **3.837,49.-€ (TRES MIL OITOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS)**, o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en 127.916,46.-€ (CENTO VINTESETE MIL NOVECENTOS DEZASÉIS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS).

| **EXPTE. 503/2023. SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE LOURENZÁ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2023: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA AO CLUB ESCOLAS DEPORTIVAS LOURENZÁ** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**Resolución:**

Visto que polo Técnico Municipal de Deportes, Don Rubén García Piñeiroa, se emitiu informe de data 7 de agosto de 2024 onde dí literalmente o que a continuación se relaciona:
”INTERVENCIÓN:SUBVENCIÓN DEPORTES 2023: **CONCESIÓN AXUDAS DEPORTES 2023 segundo as Bases específicas que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos do concello de**

Cod. Validación: 97XE43CJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 44

**Lourenzá para a realizacón de actividades deportivas na anualidade de 2023.**

**INFORME:**

Que a xustificación PRESENTADA como Solicitude número 2 presentada o día 23/01/2024 e rexistrada de entrada co número 2024-E-RE-19 por D. Pablo Maseda Fedez. con DNI número 77592743N, en representación do Club Escolas Deportivas Loruenzá e solicitando na categoría de axudas para actividade competitiva, presentando toda a documentación esixida con un orzamento de 21.729,56 euros e solicitando unha subvención por importe de 6000 euros está **correctamente xustificada.**

Así pois a Xunta de Goberno Local , en votación ordinaria, por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, acordan:

PRIMEIRO: Abonar ao abeiro das Bases especíificias que rexerán no procedemetno de concorrencia competitivaq, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos do Concello de Lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade 2023, a seguinte axuda concedida a entidade, Escolas Deportivas Lourenzá con CIF G27211994, pola contía de 6.000,00 euros para a actividade competitiva FUTBOL, ATLETISMO E PATINAXE.

SEGUNDO: REcoñecer as obrigas con cargo a aplicación 340.48 do Orzamento prorrogado de gastos para o exercizo 2024.

TERCEIRO:Ordear o pago das citadas contías.

CUARTO.-Notificar a presente Resolución ás Escolas Deportivas de Lourenzá.

| **Expediente 667/2018.SUBVENCIÓNS ARI PEV 2018-2021. 9ª FASE** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**Resolución:**

Visto o informe emitido pola Arquitecta Municipal da oficina de rehabilitación integral (ARI), Dª Marta Sánchez Seivane, de data 08/08/2024 no que se propón a cualificación provisional para determinadas actuacións na 9ª FASE das actuacións na Área de Rehabilitación do casco antigo de Lourenzá e zona de respecto, PLAN ESTATAL DE REHABILITACION EDIFICATORIA 2018-2021.

Vistas as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE VILANOVA DE LOURENZÁ. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 publicadas

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 44

no BOP núm 133 de data 10-06-2024.

Vista a Addenda para a modificación do Acordo da Comisión Bilateral de data 26 de outubro de 2018, *relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Antigo e Zonas de respecto en Lourenzá, Comunidade Autónoma de Galicia, Plan estatal de Vivenda 2018-2021.*

*Visto que no expediente se informa que ditas obras non obtiveron outra subvención.*

**RESOLVE**:

**Primeiro.-** Aprobar e Propoñer a cualificación provisional, á Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo, de conformidade co informe emitido pola Arquitecta Municipal, para as seguintes actuacións na Área de Rehabilitación do casco antigo e zona de respecto, segundo a Addenda para a modificación do acordo da Comisión Bilateral de data 26/10/2018, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Antigo e Zonas de respecto en Lourenzá 2018-2021, Comunidade Autónoma de Galicia, Plan estatal de Vivenda 2018-2021, fase 9ª, sendo o seu resumo o seguinte:

Obras de Rehabilitación:

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 44

| | |
|---|---|
| PROMOTOR | **LUCÍA LÓPEZ CAJOTO** |
| Domicilio | Muiño do Frade, 6 (27760 Vilanova de Lourenzá) |
| TÉCNICO REDACTOR | **PATRICIA MONTES ANDRES.** Arquitecta<br>**CARMEN BOEDO BLANCO.** Arquitecta |
| OBRA | |
| Descripción | **CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO DE EDIFICIO ENTRE MEDIANERAS** |
| Emprazamento | Muiño do Frade, 6 (27760 Vilanova de Lourenzá) |
| Orzamento obras aprobado | 7.615,62 € |
| Honorarios facultativos | |
| Orzamento subvencionable | 7.615,62 € |
| Orzamento executado e subvencionado | |
| **IMPORTE SUBVENCIONADO** | **7.615,62 €** |

| | |
|---|---|
| PROMOTOR | **MARIA LUISA RON LÓPEZ** |
| Domicilio | Avenida de Mondoñedo, 3 (27760 Vilanova de Lourenzá) |
| TÉCNICO REDACTOR | **MARIA MAYTE VIDAL LOURIDO.** Arquitecta |
| OBRA | |
| Descripción | **RENOVACIÓN DE CUBRICIÓN Y PINTADO DE FACHADA** |
| Emprazamento | Avenida de Mondoñedo, 3 (27760 Vilanova de Lourenzá) |
| Orzamento obras aprobado | 21.880,22 € |
| Honorarios facultativos | 716,72 € |
| Orzamento subvencionable | 22.596,94 € |
| Orzamento executado e subvencionado | |
| **IMPORTE SUBVENCIONADO** | **22.596,94 €** |

**Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

| **APROBACIÓN FACTURAS** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**Resolución:**

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF / ACREEDOR | Nº DE FRA.E DATA | CONCEPTO | IMPORTE | IVA INCLUÍDO |
|---|---|---|---|---|
| MIÑO ILUMINACIÓN, SL | 2023//23000585 15/02/2023 | LUMINARIA VIAL PLANA S 30W E 40W 4000KW | 2938,50 | 3555,59 |

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 44

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| AUTOS MORÁN,SL | 129 01/07/2024 | TRASLADO ESTUDANTES DURANTE O CURSO 2023-24 DENDE LOURENZÀ AO IES SANROSENDO DE MONDOÑEDO. 2ºPAGO | 3233,66 | 3557,03 |
| | | **TOTAL** | **6.172,16** | **7.112,62** |

| |
|---|
| **B) ACTIVIDADE DE CONTROL** |
| Non hai asuntos |
| **C) ROGOS E PREGUNTAS** |
| Non hai asuntos |

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 97XE43CJJDH7MA2S3L47QD4CP
Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 44